

VENTE COS REIS MAGOS

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2023/24"

1 Obxecto: O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos, en total, para acompañar aos Reis Magos na Cabalgata de Reis, que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2024. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.

2 Requisitos de participación: Neste concurso poderán participar todas as nenas e todos os nenos da cidade que o desexen. A única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2015, ambos incluídos. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3 Lugar de presentación de solicitudes: As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. Para participar só será necesario cubrir a solicitude de participación que poderá descargarse da páxina web municipal (www.vigo.org) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais. Só se aceptará unha solicitude por nena ou neno, sendo eliminados do concurso aquelas persoas que presenten máis dunha solicitude por nena/o. O período de inscrición será do 20 de novembro ao 10 de decembro de 2023, ambos incluídos. Finalizado o prazo de inscrición elaborárase unha lista de participantes. Ao abeiro de dita lista convocarase sorteo público.

4 Protección de datos: A protección de datos garante o dereito dos cidadáns e cidadás a controlar os seus datos persoais e a dispor e decidir sobre os mesmos. Toda a cidadanía ten o dereito fundamental á protección da súa privacidade e dos seus datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban a través desta sede electrónica axustarase aos principios e obrigacións establecidos no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RGDP), relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos, e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello de Vigo comprométese ao cumprimento da súa obrigación de confidencialidade con respecto aos datos de carácter persoal que poidan ser solicitados a través dos servizos da súa sede, e ao seu tratamento. Para estes efectos, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. A recollida e tratamento automatizado de datos de carácter persoal ten como única finalidade a prestación dos servizos solicitados, e o seguimento de consultas realizadas polas persoas usuarias.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da finalidade, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación. Con carácter xeral non se comunicarán os datos persoais a terceiros, salvo obrigación legal, entre as que poden estar as comunicacións a xuíces e tribunais. En todo momento poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición solicitándoo á Dirección da Axencia por calquera medio que deixe constancia do seu envío e da súa recepción.

Máis información: https://sede.vigo.org/expedientes//sede_textos/texto.jsp?id=sede_lopd&lang=gal

5 Lugar e data do sorteo: Finalizado o prazo de inscrición convocarase o sorteo público. Este sorteo realizarase ante un funcionario/a municipal que teña asignada a fe pública, para a selección dos corenta (40) participantes.

O sorteo realizarase o día 15 de decembro de 2023, ás 12:00 horas, no Auditorio Municipal da Casa do Concello. No sorteo, ademais das nenas e nenos seleccionadas/os, elixirase doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias. Do resultado do sorteo elaborárase unha lista dos 40 candidatos seleccionados e unha lista de 12 suplentes.

6 Documentación a achegar das persoas seleccionadas: Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deberán, previa comunicación do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentación:

- A autorización de participación da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas.

- A autorización para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na vía pública.

- DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena.

- Documento acreditativo da súa condición de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado.

- Un número de teléfono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha dirección de correo electrónico onde notificar o requirimento de documentación.

No caso de non achegar esta documentación no prazo indicado polo servizo de festas, o concello poderá declararlos decaídos da súa solicitude de participación, e procederase a un novo chamamento na lista de suplentes. O neno ou nena, que por razóns persoais, non poda asistir á cabalgata, deberá comunicalo o antes posible ao servizo municipal de festas, co fin de cubrir dita praza.

7 Seguro de Responsabilidade Civil: O Concello de Vigo disporá dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados ou sufridos polos participantes no desenvolvemento deste evento.

8 Órgano competente: A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

9 Publicidade: As bases de participación neste concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org e nos medios de comunicación locais.

10 Outras obrigas: A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 3 de xaneiro de 2024 ás 11:00 horas no auditorio municipal. Do mesmo xeito deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido da Cabalgata.